

En relación con ese panfleto que meteron no internet os que se apoderaron con dolo da administración de Sargadelos no que tratan de xustificar porqué pretenden destruír e vender o Instituto Galego de Información abonda con saber que nos 20 anos nos que estivemos nós na administración de Sargadelos non houbo o menor problema. Iso de que en 10 anos se dilapidaron mil millóns de pesetas trátase dunha patraña para imbéciles. A partida principal é o custo de personal que insume o IGI é de 413.764,40 euros no último exercicio 2006; certo que hai outros insumos, mais hai que dizer o que se facturou e acreditou polo traballo que fai o IGI. Somentes no exercicio 2006 por unha peza estudada e configurada no IGI a “Estrella de Galicia” pagou máis de 400.000,- euros dato fácilmente comprobable preguntándolle á cervexeira. Entre outras moitas pezas que se crearon no IGI nese periodo está a vaixela “Magdalena” que se vende ben. As Galerías foron montadas e atendidas na súa totalidade con exposicións feitas polo IGI, e sobre todo a de Santiago supuxo unha forte inversión que asumiu o IGI... ¿Será que estes suxeitos ocultan a contrapartida do que significa o invertido? Pois a afirmación que fan non teñen vergonza se non a xustifican o que acreditarían.

No IGI constrúense mobeis que se venden nas Galerías. Diríxese e contrólase Ediciós do Castro, que é un elemento que serve de propaganda a os produtos de Sargadelos; no IGI fanse os textos que acompañan ás pezas e as xustifican; fanse traducións ao galego e ao inglés... verdadeiramente no IGI resólvense todos os problemas do Grupo Sargadelos, con independencia da investigación que tamén se fai para recuperar a memoria dunha mancha de cousas que van dende a historia do século XX coa Guerra Civil e o exilio, até a función das artes, da industria e da deseñística. Mais todo o que seña cultura, como melloramento, o odian. Teñen a misión de destruír Ediciós do Castro o que conseguirán se destrúen o IGI e lles queda liberdade para conquistar tanta merda cosmopolita podan incorporar baixo o nome de Sargadelos, o que me parece averrado que as autoridades e patrimonio toleren que o nome de Sargadelos poda estar manexado por xentes zafias que apenas teñen estudos primarios.

Destruír o IGI é destruír Ediciós do Castro que é o que odian maiormente como refugan toda clase de libros. E voltar a esconder a documentación legada nesta institución. A xente do IGI leva nove meses sem cobrar. Eles, os que se fixeron coa administración de Sargadelos, o único que queren son os cartos. Logo de pechar a Galería de Milán e a de O Porto, o que demostra que clase de ignorantes son, agora sábese que pretenden pechar a de Sevilla e vender o local que forma parte dun patrimonio que fomos creando para ter unha solvencia para responder fronte aos traballadores en caso dunha hipotética quebra. Alá os sindicatos e os seus representantes se lles deixan facer tal estafa.

Díaz Pardo